



Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo 2022

O FIOT despide esta fin de semana a súa 31ª edición coas voces de Juan Mayorga, Blanca Portillo, Patricia de Lorenzo, Pablo Messiez e Tito Asorey

As grandes figuras das escenas galega e estatal serán o ramo da última fin de semana de programación do Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo

O FIOT ofrecerá o sábado 29 a estrea en Galicia do último éxito da tempada madrileña, 'La voluntad de creer', dirixida por Pablo Messiez, e do monólogo 'Mundo para lelós', do humorista vasco Óscar Terol; ademais doutras dúas estreos absolutas no marco do Certame Metro Cadrado: 'Viaxar é un pracer', de Assircópatas, e 'Actriz, chora', de Cacharela Teatro

O Salón social do Pazo da Cultura acollerá tamén o sábado, a partir das 13.15 horas, a derradeira sesión da primeira tempada do Escola do espectador nas ondas, na que a xornalista cultural Paloma Cortina (Dramedias) conversará con Pablo Messiez e o elenco de 'La voluntad de creer'

Carballo, 25 de outubro de 2022.- O Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo, o FIOT, despedirá esta fin de semana a súa 31ª edición por todo o alto. As grandes voces das escenas galega e estatal daranse cita en Carballo: **Juan Mayorga, Blanca Portillo, Grupo Chévere e Patricia de Lorenzo, Pablo Messiez, Tito Asorey e Xosé A. Touriñán**, os pratos fortes deste #FIOT31, terán un especial protagonismo estes días, nos que o público poderá gozar de ata tres espectáculos do Programa de Sala. O sábado 29 será a xornada central co certame ao acoller representacións de catro montaxes, **todas elas estreos galegas ou absolutas**; ademais da **derradeira sesión ao vivo da Escola do espectador nas ondas**.

A primeira das citas terá lugar o venres 28. A **Xograresa de Outono 2019, Patricia de Lorenzo**, presentará en Carballo -no marco co ciclo OTNI- a súa conferencia performativa '**Pequenas mentiras para contar grandes verdades**', un traballo no que aborda, a partir do proceso de construción dos distintos papeis que interpretou co **Grupo Chévere**, como é a representación de personaxes que, na meirande parte das ocasións, actúan como subalternas e reproducen os imaxinarios do poder. De Lorenzo expón como o traballo de actriz pode ser, ás veces, un modelo de resistencia e testemuño real da xente anónima que nunca é protagonista.

Ao día seguinte será a quenda do máis recente éxito da tempada escénica madrileña: '**La voluntad de creer**', **unha coprodución** de Buxman Producciones e do Teatro Español escrita e dirixida por **Pablo Messiez**. A obra iniciará este sábado 29 a súa xira estatal e a primeira parada será en Carballo, dando pé á celebración da **estrea en Galicia** desta montaxe, que indaga na relación entre vontade, fe e suxestión a partir da historia dunha familia, cuxo irmán menor sostén ser Xesús de Nazareth. A peza inspírase na película 'Ordet', de Carl Theodor Dreyer, quen á vez adaptou a obra 'La palabra', de Kaj Munk. A estrea galega de 'La voluntad de creer' terá lugar o sábado 29 no Auditorio do Pazo da Cultura contra ás 20.30 horas.

Outra das citas máis esperadas deste #FIOT31 chegará o domingo 30. Será o **regreso de Blanca Portillo ás táboas do Pazo da Cultura** logo da súa aclamada interpretación no 2015 de 'El Testamento de María', a coprodución do Centro Dramático Nacional, Festival Grec e Avance Producciones Artísticas, que resultou gañadora do Premio do Público do FIOT daquel ano. Desta quenda, a actriz volve coa aclamada 'Silencio', do recoñecido dramaturgo **Juan Mayorga**, un dos autores vivos máis representados e a quen se lle outorgou estes días, precisamente, o Premio Princesa de Asturias das Letras; galardón que se suma aos xa recibidos Premio Nacional de Teatro (2007), Premio Nacional de Literatura Dramática (2013), e numerosos Max como Mellor Autor ou Mellor Adaptación.



Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo 2022

'Silencio' toma como referencia, precisamente, **o discurso de ingreso de Mayorga na Real Academia Española, un texto que o dramaturgo converteu en teatro** e no que pon de manifesto o valor do tempo e do silencio. Blanca Portillo é a responsable de levar á escena a peza, na que o autor tamén viaxa polos silencios teatrais que aínda soan na súa memoria e no seu corpo.

A última función do Programa de Sala deste 2022 será o 31 de outubro. Chegará, coma no 2019 (edición que se pechou con 'Fariña'), da man de **Tito Asorey, Xosé A. Touriñán** e Ainé Producións, desta quenda en coprodución co Centro Dramático Galego. **'Recortes, caneos e outras formas de driblar'**, que parte dun texto do xornalista Nacho Carretero e que conta con dramaturxia de José L. Prieto, fará a **primeira parada da súa xira en Carballo** cunha función que porá o broche dourado á 31ª edición do FIOT.

Xornada de estreas e despedidas o sábado 29

Este mesmo sábado 29 o público do FIOT tamén poderá gozar coas dúas últimas montaxes do **VI Certame de Micro-Escenas Metro Cadrado**, a liña de programación que promove a creación de pezas escénicas experimentais en espazos non teatrais e singulares de Carballo. Ao igual que na fin de semana pasada, terán lugar dúas estreas absolutas: **'Viaxar é un pracer'**, de Assircópatas (Dani Blanco e Antón Coucheiro), unha comedia do absurdo que reflexiona sobre o noso papel coma turistas e que se poderá ver no despacho do alcalde; e **'Actriz, chora'**, a peza de Cacharela Teatro (Alba Nogueira e Irene Lorenzo) que critica, desde a comedia, os estereotipos e os desafíos do sector artístico, en especial das mulleres novas. Ambas obras contarán con catro pases (13.00, 13.30, 19.00 e 19.30 horas) e, coma sempre, recoméndase reservar previamente a praza en fiot.microteatroentrada@gmail.com.

De xeito paralelo, no salón social do Pazo da Cultura celebrárase a **derradeira sesión da primeira tempada da Escola do espectador nas ondas**, os encontros nos que artistas, xornalistas especializadas en artes escénicas e público comparten conversa e facilitan a comprensión e análise dos espectáculos que conforman a programación do festival. Desta quenda, a xornalista cultural de RTVE **Paloma Cortina** (Dramedias) manterá unha conversa aberta ao público co **elenco de 'La voluntad de creer'** e co seu director e creador, **Pablo Messiez**, quen participará vía telemática na gravación do podcast.

Xa pola noite o Mercado municipal acollerá a última función da XXIII edición do ciclo de narración oral Rúa dos Contos: será coa estrea en Galicia de **'Mundo para lelos'**, a última creación do humorista, actor e director vasco **Óscar Terol**, quen porá en evidencia un mundo que se asoma incompreensible para todas as persoas e do que sempre tentamos ocultar o noso "eu parvo".

Adiadas as Xornadas Profesionais de Escena Galega 2022

Por outra banda, a celebración da nova edición das Xornadas Profesionais de Escena Galega (a Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas), previstas inicialmente para o xoves 27 de outubro no marco do desenvolvemento do FIOT, e que inclúen un espectáculo de Celso Sanmartín, mudarán a súa data de realización: finalmente terán lugar o 20 de decembro no Pazo da Cultura.



Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo 2022

AXENDA FIOT31 SÁBADO 22 E DOMINGO 23

Venres 28 de outubro

21.00 horas no Pazo da Cultura | Salón de actos

OTNI | 'Pequenas mentiras para contar grandes verdades', de Patricia de Lorenzo (Grupo Chévere).

Sábado 29 de outubro

13.00, 13.30, 19.00 e 19.30 horas na Casa do Concello | Despacho do alcalde

Metro Cadrado | 'Viaxar é un pracer', de Assircópatas **(ESTREA ABSOLUTA)**.

13.00, 13.30, 19.00 e 19.30 horas en Atener Solucións Técnicas | Sala de xuntanzas

Metro Cadrado | 'Actriz, chora', de Cacharela Teatro **(ESTREA ABSOLUTA)**.

13.15 horas no Pazo da Cultura | Salón social

Onda FIOT | Escola do espectador nas ondas. Con Paloma Cortina, Pablo Messiez (vía zoom) e o elenco de 'La voluntad de creer'.

20.30 horas no Pazo da Cultura | Auditorio

Programa de Sala | 'La voluntad de creer', de Buxman Producciones **(ESTREA EN GALICIA)**.

23.00 horas no Mercado municipal

Rúa dos Contos | 'Mundo para lelos', de Óscar Terol **(ESTREA EN GALICIA)**.

Domingo 30 de outubro

20.30 horas no Pazo da Cultura | Auditorio

Programa de Sala | 'Silencio', de Avance PT e Entrecajas PT.

Luns 31 de outubro

21.00 horas no Pazo da Cultura | Auditorio

Programa de Sala | 'Recortes, caneos e outras formas de driblar', de CDG e Ainé Producións.

Contacto de prensa | comunicacion@fiot.gal

Luisa Castiñeira (620 113 155) e Lucía Pita (675 404 321)

Sala de prensa #FIOT31 | www.fiot.gal/prensa